Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenvolver sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30	
Resolución de problemas	Comentarios de texto e material gráfico que será suministrado polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas. Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia de América nunha perspectiva comparada.	20	
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento e que inclúen preguntas de resposta curta, comentarios de texto e de imáxes. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias.	40	
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Avaliación continua do seu traballo autónomo, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia América nunha perspectiva comparada	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo).

Aqueles estudantes que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BETHELL, L. (ed.), **Historia de América Latina (Vols. I-IV)**, 1ª, Crítica, 1990-2003

CARRERA DAMAS, G., **Historia General de América Latina**, 1ª, Trotta-UNESCO, 1999-2008

SIXIREI PAREDES, C., **Historia de América. T. I**, 1ª, Ir Indo, 2009

Bibliografía Complementaria

ALCINA FRANCH, J., **Las culturas precolombinas de América**, 1ª, Alianza Editorial, 2009

AMORES CARREDANO, J.B. (Coord.), **Historia de América**, 1ª, Ariel, 2006

CIUDAD, A.; LUCENA, M.; MALAMUD, C., **Manual de Historia Universal. Historia de América. Tomo X**, 1ª, Historia 16, 1992

ELLIOTT, J. H., **Imperios del mundo atlántico. España y Gran Bretaña en América (1492-1830)**, 3ª, Taurus Historia, 2011

ESPINO LÓPEZ, A., **La invasión de América**, 1ª, Arpa Editores, 2022

MALAMUD, C., **Historia de América**, 2ª, Alianza, 2010

MARCHENA, J.; GARAVAGLIA, J.C., **América Latina de los orígenes a la independencia**, 1ª, Crítica, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moovi (<https://moovi.uvigo.gal/>), polo que todos os alumnos deben estar dados de alta en dita plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia da arte moderna**

Materia	Historia da arte moderna			
Código	O04G740V01415			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo das manifestacións artísticas en Italia nos séculos XV ao XVIII nas grandes xeneralizacións conceptuais que a historiografía artística sinala como Renacemento, Manierismo e Barroco. O seu desenvolvemento comprenderá a análise do proceso de produción e recepción da obra de arte durante estas centurias, a través dos creadores e obras máis significativas, tendo en conta a perspectiva histórica, social, ideolóxica e iconográfica que permiten a súa contextualización, co apoio das fontes literarias e documentais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	
Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	

Contidos

Tema	
1. Humanismo e Renacemento	1.1. Concepto. O valor concedido á antigüidade. A preocupación humanista das artes. Arte e humanismo nas Cortes italianas do Renacemento
2. Clasicismo e Manierismo	2.1. Arquitectura e urbanismo no Quattrocento e Cinquecento italiano. O plan central. As teorías sobre a cidade ideal. A plasmación da igrexa triunfante 2.2. Orientacións pictóricas das escolas italianas. 2.3. A síntesis dos valores formais e intelectuais da escultura renacentista
3. O Barroco	4.1. Concepto. O Concilio de Trento e as artes. Retórica e procedementos barrocos 4.2. A arquitectura: a igrexa e os reformadores 4.3. Patronazgo e imaxinería relixiosa do Seicento italiano

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	21	30	51
Eventos científicos	2	2	4
Saídas de estudo	0	7	7
Traballo tutelado	10	29	39
Seminario	5	3	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	10	11
Traballo	3	7	10
Observación sistemática	0	1	1
Cartafol/dossier	0	8	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión previa, orientada á presentación do desenvolvemento da materia e primeira toma de contacto cos estudantes
Lección maxistral	Clases expositivas que concentran o aprendizaxe teórico. Nas diferentes sesións se desenvolve o contido do programa, secuenciado en bloques temáticos. Para cada unidade temática ofrécese un esquema básico e bibliografía específica para seguir e profundizar nos contidos. Nas sesións empréganse recursos complementarios (proieccións en power point, fontes documentais e literarias, páxinas de internet, etc.)
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Saídas de estudo	Saídas de estudo para a visita e análise "in situ" de monumentos e conxuntos patrimoniais relacionados co contido da materia
Traballo tutelado	Traballos dirixidos á profundización na materia e ao fortalecemento da capacidade analítica e expositiva do alumnado. Consisten na elaboración dun traballo inédito, de carácter individual, vinculado aos contidos do programa. Valólarase o acceso á bibliografía e fontes, a presentación, claridade expositiva, e a metodoloxía empregada.
Seminario	Apoio á formación do alumnado, orientado a resolver as dúbidas ou calquera outra cuestión relacionada coa materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución das dúbidas plantexadas na realización dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	Resolución de dúbidas metodolóxicas sobre os seminarios e actividades prácticas. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi UVigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho, cando sexa posible.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba de resposta longa, na que o alumnado terá que demostrar a comprensión e asimilación dos contidos teóricos da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia da Arte Moderna como produto dun complexo proceso, aberto e contínuo	40	
Traballo	Na súa avaliación se considerarán os seguintes criterios: singularidade e complexidade do tema de estudo escollido, metodoloxía, bibliografía e fontes consultadas, presentación, claridade e orixinalidade expositiva. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Capacidade para a interpretación das manifestacións artísticas do período de estudo.	20	
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado nas actividades programadas, visitas, debates e presentación de tarefas. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos a resolución de problemas.	10	
Cartafol/dossier	Informe das saídas de estudo programadas como complemento da materia. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Lectura da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha prespectiva metodolóxica múltiple	10	

Resolución de problemas e/ou exercicios A sesión maxistral será avaliada tamén mediante a identificación, análise e comentario de obras de arte correspondentes á época Moderna, con especial atención á súa morfoloxía, tipoloxía e iconografía.
Os resultados de aprendizaxe avaliados son:
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.

20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial o remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios on line, etc.).

As sesións de lección maxistral do profesor serán gravadas en vídeo. Estas gravacións quedarán a libre disposición dos alumnos a través da plataforma Moodle, onde poderán visualizalas asincrónicamente no momento que o estimen oportuno.

Idénticas condicións rexen para a segunda convocatoria.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo). Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% da mesma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGAN, Giulio Carlo, **Renacimiento y Barroco. II. De Miguel Ángel a Tiepolo**, 1ª ed, Akal/Arte y Estética, 1987

BENEVOLO, Leonardo, **Historia de la Arquitectura del Renacimiento: la arquitectura clásica (del siglo XV al siglo XVIII)**, 3ª ed., Gustavo Gili, 1988

BOUCHER, Bruce, **La escultura barroca en Italia**, 1ª ed., Destino, 1999

CASTRIA MARCHETI, Francesca, **El Barroco 1600-1700: el arte europeo de Caravaggio a Tiepolo**, 1ª ed., Electa, 2005

WITTKOWER, Rudolf, **Arte y Arquitectura en Italia. 1600-1750**, 5ª ed., Cátedra, 1988

PANOFSKY, Erwin, **Renacimiento y Renacimientos en el arte occidental**, 3ª ed., Alianza, 1981

PANOFSKY, Erwin, **Estudios sobre iconología**, 4ª ed., Alianza, 1980

WITTKOWER, Rudolf, **Los fundamentos de la arquitectura en la edad del Humanismo**, 1ª ed., Alianza, 1995

WÖLFFLIN, Heinrich, **Renacimiento y Barroco**, 2ª ed., Paidós, 1991

Bibliografía Complementaria

BLUNT, Anthony, **Teoría de las artes en Italia, 1450-1600**, 10 ed., Cátedra, 2007

BURCKHARDT, Jacob, **La cultura del Renacimiento en Italia**, 2ª ed., Akal/Arte y Estética, 2004

BURKE, Peter, **El Renacimiento italiano: cultura y sociedad en Italia**, 1ª ed., Alianza, 1993

PACCIOAROTTI, Giuseppe, **La pintura barroca en Italia**, 1ª ed., Itsmo, 2000

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso irase complementando a documentación sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moovi. Os alumnos deberán estar dados de alta e co seu perfil editado na plataforma de teledocencia Moodle (acceso via MooVi).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Paleografía**

Materia	Paleografía			
Código	004G740V01416			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia Paleografía permite ao alumnado coñecer as características gráficas dos ciclos da escritura latina, así como os sistemas abreviativos e de datación documental utilizados. Capacitao ademais para ler e editar fontes documentais manuscritas que utilizan o alfabeto latino.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	

Contidos

Tema

1.- Os grandes ciclos da escritura latina.	1.1.- Definición e evolución do concepto de paleografía. 1.2.- Os grandes ciclos da escritura latina e o vocabulario básico da paleografía. 1.3.- O ciclo escriturario romano. 1.4.- As escrituras dos reinos xermánicos. A escritura visigótico-mozárabe. 1.5.- A escritura carolina. 1.6.- A escritura gótica. 1.7.- A escritura cortesana e procesal. 1.8.- A escritura humanística e a imprenta.
2.- Materiais, braquigrafía e datación documental.	2.1.- Materiais e instrumentos escriptorios. 2.2.- Abreviaturas, sistemas abreviativos e signos de puntuación e corrección. 2.3.- Datación documental.
3.- Elaboración de coleccións documentais.	3.1.- Normas de edición documental. 3.2.- Elaboración de índices.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	15	30
Obradoiro	23	15	38
Eventos científicos	2	0	2
Prácticas con apoio das TIC	6	20	26
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	12.5	13.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	12.5	13.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	25	27

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposicións nas que se familiarizará ao alumnado coas principais características gráficas, sistemas abreviativos, normas de edición e sistemas de datación documental da escritura latina.
Obradoiro	Actividades en grupo nas que se realizarán prácticas de lectura, transcripción, datación, edición e elaboración de índices sobre documentación manuscrita pertencente aos distintos ciclos da escritura latina.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Prácticas con apoio das TIC	Traballo autónomo do alumnado a través da realización de exercicios de transcripción e datación documental (Moovi-UVigo).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais xerados polas actividades de lectura, transcripción, datación, edición e elaboración de índices. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Prácticas con apoio das TIC	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os exercicios de transcripción e datación documental. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado a través da realización de exercicios de transcripción e datación documental en Moovi. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto. Elaboración e presentación oral e escrita de traballos monográficos individuais ou colectivos baseados en fontes e bibliografía específica.	10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumnado deberá resolver e explicar exercicios sobre datación documental. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e interpretacións historiográficas.	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumnado deberá resolver e explicar exercicios sobre desenvolvemento de abreviaturas realizados sobre fontes manuscritas. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e interpretacións historiográficas.	25	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba na que o alumnado deberá datar, rexestar e transcribir un documento manuscrito. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en MooVi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual Moovi (UVigo), que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados

da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes e as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todo o alumnado matriculado na materia ten dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles estudantes que non se acollan á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba na que deberán datar, rexestar e transcribir un documento manuscrito (50% da nota final) e outra na que terán que resolver e explicar exercicios sobre datación documental e transcripción de abreviaturas sobre fontes manuscritas (50% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ROMERO TALLAFIGO, M. et al., **Arte de leer escrituras antiguas. Paleografía de lectura**, Universidad de Huelva, 1995

Paleografía y Diplomática de la UNED, UNED, 1991

RIESCO TERRERO, A. (ed.), **Introducción a la Paleografía y la Diplomática general**, Síntesis, 1999

CASADO QUINTANILLA, B., **Láminas de la Cátedra de Paleografía y Diplomática**, UNED, 1997

PETRUCI, A., **La ciencia de la escritura. Primera lección de Paleografía**, Fondo de Cultura Económica, 2003

Bibliografía Complementaria

MILLARES CARLO, A., **Tratado de Paleografía Española**, Espasa Calpe, 1983

BOULLÓN AGRELO, I.; MONTEAGUDO, H., **De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260. Anexo da revista Verba**, Universidade de Santiago de Compostela, 2009

MILLARES CARLO, A. e MANTECÓN, J.I., **Álbum de paleografía hispanoamericana de los siglos XVI y XVII**, El Albir, 1975

AGUSTÍ, J.; VOLTES, P., **Manual de cronología española y universal**, CSIC, 1952

CAPELLI, A., **Cronologia, cronografia e calendario perpetuo: dal principio dell'era cristiana ai nostri giorni**, Ulrico Hoepli, 1988

RIESCO TERRERO, A., **Diccionario de abreviaturas hispanas de los siglos XIII al XVIII**, 1983

Gallaecia Monumenta Historica, Consello Cultura Galega,

CHARTA, Corpus Charta. Red Internacional,

RIESCO TERRERO, A. et al., **Vocabulario científico-técnico de Paleografía, Diplomática y ciencias afines**, Barrero&Azedo, 2003

DE HAMEL, Ch., **Copistas e iluminadores**, Akal, 1999

CARMONA DE LOS SANTOS, M^a, **Manual de Sigilografía**, Subdirección General de los Archivos Estatales, 1996

RUIZ GARCÍA, E., **Manual de Codicología**, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1988

ÁVILA SEOANE, N., **Estructura documental. Guía para alumnos de diplomática**, Ediciones Trea, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través de Moovi documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades da materia. Por esta razón todo o alumnado debe estar dado de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Distribución turística**

Materia	Distribución turística			
Código	O04G740V01421			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Mazaira Castro, Andrés			
Profesorado	Mazaira Castro, Andrés			
Correo-e	amazaira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia de Distribución Turística pretende profundizar no estudo das canles de distribución turística iniciado na materia de Marketing Turístico, prestando especial atención á situación actual do sector así como ás novas tecnoloxías e sistemas globais, co obxectivo de analizar as funcións e a estrutura das canles de distribución do sector turístico			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Analizar o papel que desempeñan os intermediarios no mercado turístico	
Familiarizar o alumno co funcionamento dos sistemas de distribución turística	
Analizar o impacto de Internet e das novas tecnoloxías nos Canales de Distribución Turísticos	

Contidos

Tema

1. A distribución comercial do sector turístico	1.1. A Distribución no Marco do Business Model. 1.2.- A distribución comercial e o marketing turístico 1.2.1. Distribución comercial e produto turístico 1.2.2. A distribución comercial e o resto de elementos de Marketing Turístico. 1.3. O sistema de distribución no sector turístico 1.4. Funcións de intermediarios no sistema de distribución turística
2. A canle de distribución no sector turístico	2.1. Estructura da canle de distribución no sector turístico 2.2. Aspectos a considerar na elección da canle de distribución no sector turístico 2.3. Criterios de selección de canles de distribución no sector turístico 2.4. Outras decisións estratéxicas na política de distribución turística 2.5. Tipoloxía de intermediarios no sector turístico
3. As axencias de viaxes e outros intermediarios minoristas na distribución turística	3.1. As AAVV na distribución turística 3.2. Tipoloxía e papel das AAVV na distribución turística 3.3. Online Travel Agencies. 3.4.- Outros Intermediarios Minoritas.
4. Os Intermediarios Mayoristas na distribución turística	4.1. O Papel dos Intermediarios Mayoristas na distribución turística 4.2. Tipoloxía e funcionalidades dos Intermediarios Mayoristas na distribución turística
5. A Distribución turística en tempos de Redes	5.1. Impacto de Internet na Distribución Turística 5.2. Desintermediación e Intermediación. 5.3. Web, e commerce e distribución Turística. 5.4. Redes Sociais e Distribución Turística.
6. As centrais de reservas na distribución turística	6.1. Os CRS na distribución turística 6.2. Os GDS na distribución turística
7.- Tempos de Redes e Big Data	*

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	20	50
Resolución de problemas	12	32	44
Traballo tutelado	3	30	33
Seminario	1.5	16	17.5
Traballo	0.5	5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicacións detalladas dos contidos do programa docente por parte do profesor na aula
Resolución de problemas	Resolución e presentación por parte do alumno de exercicios e casos planteados polo profesor
Traballo tutelado	Traballos na aula dos alumnos, tanto individual como en grupo para a resolución de exercicios e casos prácticos, ou de temas de actualidade relacionados coa materia
Seminario	As titorías se poderán desenvolver de forma individual ou en grupo, previa organización das mesmas co profesor

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Tempo dedicado polo profesor á atención personalizada do estudante.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Exame	50	
Resolución de problemas	Consiste na resolución de exercicios e de traballos ben de forma individual ou en grupo	15	
Traballo tutelado	Realización de exercicios e casos na propia aula	15	
Traballo	Realización e exposición de traballos en grupo	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aplicarase un sistema dobre de posible avaliación; podendo o alumno optar por aquel que desexe:

Consistirá nunha avaliación durante todo o cuadrimestre, na que se valorará a participación nas clases, o enriquecemento que se faga ao traballo conxunto nas aulas (tanto nas sesións teóricas como nas prácticas), o traballo na resolución de casos prácticos realizado polo alumnos nas clases, os traballos realizados (tanto na aula como fora dela) polos alumnos tanto dun xeito individual como en grupo, así como a presentación dos mesmos.

- Sobre un máximo de 3 puntos o traballo realizado en clase .

- Ata 2 puntos unha proba na que resolvan algúns aspectos teórico prácticos realizados coa materia (os alumnos que teñan acadado a puntuación de 5 puntos nas dúas valoracións anteriores non terán que realizar esta proba)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Mercadotecnia turística/O04G240V01303

DATOS IDENTIFICATIVOS**Planificación pública do desenvolvemento turístico**

Materia	Planificación pública do desenvolvemento turístico			
Código	O04G740V01422			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Profesorado	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	maxose@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=10561			
Descrición xeral	<p>Planificación Pública do Desenvolvemento Turístico é unha materia básica que se imparte no segundo semestre do terceiro curso do Grao en Turismo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales case 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades non presenciais.</p> <p>Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento do papel das Administracións Públicas no sector turístico. Analizaremos cáles son os principios básicos das políticas públicas en relación ó turismo, presentaremos a organización administrativa turística e os principais instrumentos de planificación e xestión turística cos que contan as Administracións Públicas. Finalmente, abordaremos a Análise Custo-Beneficio como técnica de avaliación de proxectos e políticas públicas en relación ó turismo.</p> <p>A lingua de impartición será o galego. Non obstante, a materia é English Friendly, con tutorías e posibilidade de acceder a materiais de apoio en inglés para o alumnado que o precise.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos básicos para entender as competencias e funcionamento das institucións públicas en materia turística.	
Recopilar, sínterizar, e analizar información e datos de forma crítica. Elaborar e interpretar indicadores.	
Buscar, seleccionar, ler e comprender bibliografía, e a partir dela elaborar e presentar resultados e informes.	
Conocer e aplicar técnicas de avaliación de impactos turísticos, así como métodos de análise da viabilidade social de proxectos turísticos.	
Conocer os principais instrumentos de planificación e xestión pública do turismo. Ser capaz de analizar o uso destes instrumentos de forma crítica.	

Contidos

Tema	
1. Introducción ó papel das administracións públicas no turismo.	Efectos ambientais, sociais e económicos do turismo.O papel da Administración Pública. Principios básicos da intervención pública en turismo.
2. A organización administrativa turística	UE, Estado, CCAA e Administración Local. Distribución de competencias. Cooperación e coordinación.
3. Instrumentos de planificación e xestión turística dende as Administracións Públicas	Concepto e indicadores de Turismo Sostible, Turismo en espazos naturais. Valoración económica de servizos recreativos e impactos ambientais. Impostos turísticos.
4. A Análise Coste-Beneficio de proxectos e políticas públicas en relación ó turismo.	Conceptos básicos da avaliación económica dende a perspectiva pública.Criterios de decisión. Risco. Efectos distributivos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50

Prácticas con apoio das TIC	6	4.5	10.5
Presentación	2.5	5	7.5
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	15	30	45
Exame de preguntas obxectivas	0	10	10
Traballo	0	20	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/o directrices de un traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) como de forma non presencial (a través do correo electrónico ou da plataforma de teledocencia) para a resolución de problemas e/ou exercicios plantexados na aula.
Prácticas con apoio das TIC	Apoio ó alumnado de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) para a análise de datos e elaboración de informes mediante ferramentas informáticas.
Seminario	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial en aula para o seguemento de proxectos e tarefas realizadas en grupo.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Apoio durante as probas de tipo test e despois das mesmas para obter e proporcionar feedback sobre metodoloxía e contidos.
Traballo	Apoio ó alumnado tanto de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) como de forma non presencial (a través do correo electrónico ou da plataforma de teledocencia) para a elaboración de traballos de investigación e proxectos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Valorarase a entrega dos informes asociado á realización de traballos e proxectos, así como a calidade da súa presentación e defensa en aula.	5	
Resolución de problemas de forma autónoma	Valorarase a capacidade de resolución de problemas, elaboración de informes e indicadores, e aplicación dos coñecementos adquiridos nas clases prácticas.	20	
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse dúas probas (25% cada unha) para avaliar a comprensión de coñecementos impartidos en clase maxistral e en prácticas. Estas probas poderán ser tipo test e incluír tamén cuestións/problemas/supositos.	50	
Traballo	Valorarase a capacidade para buscar información, organizar o tempo e colaborar con equipos para a realización de traballos e proxectos en grupo.	25	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación, Avaliación Continua (AC) e Avaliación Global (AG):

A) A avaliación da materia por defecto será AC. O 50% da nota configurarase a partir de dous exames sobre os contidos da materia (25% cada exame), o 20 % da nota basearase na resolución de exercicios, prácticas, problemas e análise de caso, e o 30 % será a nota dun proxecto en grupo, de obligatoria entrega e exposición. Para superar a materia por avaliación continua é preciso terse presentado aos dous exames e realizar e presentar o traballo en grupo. A resolución de problemas nas clases prácticas, que serán avaliábeis, non impiden continuar en AC en caso de non ser entregadas, pero figurarán con nota de cero. É necesario acadar unha nota mínima de 3 en cada exame e no traballo para integrar as notas das prácticas (resolución de problemas de forma autónoma). O segundo exame de AC coincidirá en data coa AG en primeira oportunidade.

B) Cando proceda a AG porque o alumnado así o teña decidido nos prazos establecidos polo centro realizarase a AG, Esta AG incluírá preguntas de tipo test e de resposta curta/problemas sobre o contido das clases máxistras, das prácticas de aula informática, e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%. Esixírase unha nota mínima de 3 puntos en cada parte do exame de cara ao cálculo da nota final. A nota mínima para aprobar a materia será un 5.

Os estudantes que non participen na AC nin realicen a AG, figurarán nas actas como non presentados. Entenderase que o alumnado participa en AC cuando entregue algunha tarefa, traballo ou se presente a algún dos exames. Neste caso a nota final será a de AC. Non se gardan notas de exames, prácticas ou traballos para a segunda oportunidade.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso actual.

O horario e lugar de realización de titorías estará publicado na plataforma de teledocencia (MooVi), así como o procedemento de solicitude das mesmas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Oriol Miralbell Izard, Ramon Arcarons i Simon, Josep Capellà i Hereu, Francesc González Reverté, Jos, **Gestión Pública del Turismo**, 1ª, UOC, 2010

Bengochea, A., Magadán, M., y Rivas, J., **Actividad turística y medio ambiente**, 1ª, Septem Ediciones, 2006

De Rus., G., **Análisis Coste □ Beneficio. Evaluación Económica de Políticas y Proyectos de Inversión**, 3ª, Ariel, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Introducción á economía/O04G240V01103

Economía aplicada ao turismo/O04G240V01301

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.

Asimesmo, aportarase ó alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Promoción turística**

Materia	Promoción turística			
Código	O04G740V01423			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Araújo Vila, Noelia			
Profesorado	Araújo Vila, Noelia			
Correo-e	naraujo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O proceso de comunicación/ promoción. A publicidade. As promocións de vendas. As relacións públicas. A Mercadotecnia directa e interactiva. A forza de vendas e a imaxe da empresa.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade para entender e desenvolver o mix de comunicación da empresa, a partir dos obxectivos xerais da mesma e dos específicos do departamento de marketing	
Coñecer e demostrar o manexo das ferramentas da promoción turística	
Capacidade para a aplicación e posta en marcha de actividades promocionais que se corresponde coas competencias adquiridas	
Ser capaz de definir obxectivos publicitarios e promocionais así como aplicar técnicas publicitarias e de promoción de vendas ós públicos obxectivo de ambas ferramentas de promoción, tanto individualmente como en grupos de traballo	
Comprender o alcance e a utilidade das relacións públicas, así como xestionar a forza de vendas, e poñelos en práctica, tanto individualmente como en grupos de traballo	
Ser capaz de expoñer a través do debate, a opinión sobre a aplicación das TICs á promoción turística e á imaxe da empresa ou do destino	

Contidos

Tema	
Tema 1: O proceso de comunicación/promoción	Introdución. O proceso de comunicación. Etapas para unha comunicación eficaz. Concepto de mix de comunicación. As ferramentas da comunicación. Comunicación de Mercadotecnia Integral.
Tema 2: A publicidade en turismo	Concepto e Definición de publicidade. Vantaxes e desvantaxes. Principais pasos na planificación publicitaria. Investigación publicitaria.
Tema 3: As promocións de vendas en turismo	Concepto, Definición e Características básicas das PdV. Vantaxes e Desvantaxes. O merchandising e os principais puntos de venda. Planificación das PdV. Cando resulta eficaz.
Tema 4: As relacións públicas en turismo	Concepto e obxectivos das RRPP. Vantaxes e desvantaxes. Os públicos obxectivo. As técnicas das RRPP. Xestión da imaxe en situacións de crises. Calendario de actuación ante unha apertura.
Tema 5: A forza de vendas en turismo	Concepto e Importancia da forza de vendas. Vantaxes e Desvantaxes. Principais tarefas da FdV. O proceso de venda persoal. A dirección da forza de vendas.
Tema 6: A mercadotecnia directa e interactiva en turismo	Definición e Características do MK Directo. Funcións, Vantaxes e Limitacións. As Bases de Datos. Formas da mercadotecnia directa
Tema 7: A imaxe das empresas e destinos turísticos	Os obxectivos da promoción turística e o concepto de imaxe. Recoñecemento e diferenciación a través de: Imaxe e Marca turística. Marcas turísticas. Tendencias futuras: Turismo Experiencial e Emocional

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	9	21	30

Debate	18	28	46
Lección maxistral	20	40	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Formulación, análise, resolución e debate dun problema ou exercicio, relacionado coa temática da materia, por parte do alumno
Debate	Debates a raíz dunha ou varias lecturas propostas polo profesor
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	O alumnado poderá solicitar titorías para ser atendido de forma persoal para solucionar dúbidas. Tamén vía online a través de correo electrónico. Non forma parte da avaliación.
Debate	O alumnado poderá solicitar titorías para ser atendido de forma persoal para solucionar dúbidas. Tamén vía online a través de correo electrónico. Non forma parte da avaliación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Resolveranse 1 caso	20	
Debate	2 debates. Cada debate terá un peso na nota da materia do 20%.	40	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de resposta curta	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A descrición desta guía está pensada para a modalidade presencial. A nota obtida polo alumno na parte presencial (contidos prácticos da materia), terá vixencia para as convocatorias ás que dá dereito a matrícula de cada curso académico. As persoas que non liberen a parte práctica e/ou decidan optar por seguir a avaliación non continua, deberán acudir ao exame final con todo o contido (teórico+práctico), é dicir, alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. No caso de renunciar á avaliación continua e optar a ser avaliado nun exame final, o alumno deberá comunicar esta decisión vía mail a naraujo@uvigo.es entre o 29 de xaneiro e o 29 de febreiro de 2024.

